

Orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria n.º 61 do 28.3.2025.
2. Informe de dirección.
3. Aprobación, se procede, de memorias para a modificación substancial do Grao en Estudos de Arquitectura: memoria para a solicitude de verificación e memoria xustificativa e económica.
4. Aprobación, se procede, dos obxectivos operativos anuais [D01-P01-E03] do Sistema de Garantía de Calidade da ETSAC, ano 2026.
5. Aprobación, se procede, de proposta de modificación da enquisa de satisfacción do alumnado remitida pola Unidade Técnica de Calidade.
6. Asuntos varios de trámite.
7. Quenda aberta de intervencións.

Acordos

- Aprobación por asentimento da acta da reunión ordinaria previa n.º 61 do 28.3.2025.
- Aprobación por unanimidade de memorias para a modificación substancial do Grao en Estudos de Arquitectura: memoria para a solicitude de verificación e memoria xustificativa e económica.
- Aprobación, por unanimidade, dos obxectivos operativos anuais [D01-P01-E03] do Sistema de Garantía de Calidade da ETSAC, ano 2026.
- Sobre a proposta de modificación da enquisa de satisfacción do alumnado remitida pola Unidade Técnica de Calidade, acórdase o seguinte:
 - (1) Aprobar a proposta de modificación do punto 2 do apartado de Orientación ao estudante,
 - (2) Suxerir que na proposta de modificación do punto 16 do apartado Recursos e servizos, sobre satisfacción do alumnado cos recursos de teledocencia, non se faga referencia expresa a plataformas ou programas concretos cuxo nome pode variar no tempo, propoñendo que se redacte da seguinte forma: “16. Cos recursos de teledocencia”; e
 - (3) Non aprobar a eliminación do punto “16. Co servizo de reprografía” coa seguinte motivación: Dada a importancia que os servizos de reprografía teñen para o conxunto dos títulos que se imparten na ETSAC, a Comisión de Calidade deste centro considera que este ítem non debe ser eliminado dentro dunha enquisa cuxo fin último é medir a calidade, neste caso dos recursos e servizos.